

EL BELLO

I

-Que se ría de min por marica, dáme igual, pero como me chame outra vez fregona, non volvo.

A supervisora fixo que tomaba notas, sobre o que xa estaba escrito, no único caderno que había enriba da mesa. Precisaba uns segundos para pensar como manter este pequeno incidente controlado. Dende que contratou a aquel rapaz, sabía que chegaría este momento. Pero o currículo botoulle un pulso aos prexuízos e saíu gañando.

-A ver, David...

-Chámome Darío.

Darío era marica e o xeito falaba antes ca el. A supervisora supuxera que coas mulleres non habería problema, pero cos patróns a cousa podería complicarse. E xa se complicara. Por iso estaban no despacho, envoltos nun silencio que o magnificaba todo.

Entre falsa nota e bolígrafo nos beizos que reforza o pensamento, buscou cos ollos as unllas do rapaz. Suspirou, baixiño, de alivio ao ver que non estaban pintadas de ningunha cor. Puxo os lentes para engadir solemnidade e verificar que nin brillo lles botara.

-Entón, o que sucedeu esta mañá foi que o señor Andrés humilloute a causa da túa homosexualidade. Supoñendo que ti sexas homosexual, claro.

-A min que os vellos se mofen da miña pluma, tráema frouxa. Pero aviso, como alguén me volva chamar fregona, recollo e marchó.

O alivio marcou un novo suspiro da muller. Pensou que tal e como estaban as minorías, superar un conflito homófobo en tan pouco tempo, era todo un éxito. Máis tarde redactaría un informe para os seus superiores. Agora xa podía tratar a Darío como a un empregado normal. Pechou o caderno vello, sacou os lentes, debuxou un sorriso e puxo cara de presentadora a piques de entregar o ansiado bote do programa. Comezou a falar en plural, usando moitas veces o pronome nós na conversa. Este truco aprendeuno nuns cursos da consellería, onde unha *coach* ofrecía ferramentas para que os supervisores conectaran cos seus subordinados. Crear lazos, combinado coa valorización de cada posto de traballo, eran as claves esenciais para que funcionase o equipo, disque.

-Saberás que es o quinto profesional que mandamos á casa do señor Andrés. Parece ser un usuario difícil, conflictivo. É todo moi delicado, Darío. Como ti máis eu falamos o mesmo idioma, vou ser franca. Estamos aí por Servizos Sociais, pola denuncia anónima dalgún veciño. A cousa pintaba mal e houbo que actuar in extremis. O pisiño xa está acondicionado. Hai que ir un par de veces á semana, asealo, ventilar, limpar catro cousas... Está deixado, pero para ter máis de setenta anos, o vello ben se vale. Coidaches persoas dependentes que daban moito máis traballo. Mírao como un reto. A xente coma nós sae reforzada destas experiencias.

-Como me chame fregona, marchó.

-Darío, es a miña derradeira esperanza.

A frase non lla escoitara á *coach* senón en *Star Wars*, pero serviulle para pechar unha conversa que xa pasaba de longa. Supuxo que, como homosexual, Darío agradecía o contacto físico. Levantouse e abrazouno. Sen despegarse, mirouno aos ollos e díxolle que a forza que desprendía era a mesma que tiña ela de nova.

-A forza da xente da costa é única.

Darío saíu consternado. Non pisara o mar ata que en primaria os levaran de excursión á praia. A reflexión concluíu recoñecendo que a súa xefa era excepcional: non resolvera nada, seguía a ter o mesmo cabreo de antes e a piques estivo de darlle as grazas ao marchar, mentres pechaba a porta do despacho.

II

Cando coñecín ao señor Andrés comportouse coma un ancián encantador, pero a segunda vez que Darío entrou naquel piso atopouse, de novo, cunha besta salvaxe.

-Ti sempre entras sen chamar? Trae para aquí esas chaves. Ninguén me pediu permiso para facer unha copia. Entre todos, xa me tedes ata o carallo! Faisán, onde vas? Estou a falar contigo!

Darío cambiou a cama e encheu o tambor da lavadora coas prendas usadas neses días.

-Leva tres días sen mudar a roupa interior? No cesto só había un calzón.

-Vai frío.

-Entón toca bañarse.

-Non penso espirme diante túa, faisán.

-Pois non marcho ata que quede limpo.

-Son quen de asearme só.

-Perfecto! Adiante!

-E ti que vas facer mentres me ducho?

-Agardar por se me precisa.

-Non toques nada! E non veñas mirarme o cu ás agachadas.

-A ver se hai sorte, esvara no baño e rematamos con este sufrimento.

Ao instante, Darío arrepeniuse de verbalizar o que estaba a pensar. Ninguén dixo nada máis. Mentres marchaba polo corredor, o señor Andrés parecía sorrir. Cousas da imaxinación: o vello fora construído en veneno. Non tardou en escoitar a auga correr. A supervisora estaría tan orgullosa daquel avance! Pero, que merda de pensamento era ese? Meditou sobre a facilidade que tiña para enganchar síndromes de Estocolmo. Como era un tema con excesivas conexións no desenvolvemento da súa identidade, optou por non remexer no pasado e pousar a atención na paisaxe que tiña ao redor.

As casas dos usuarios que atendera, mantiñan a pegada de toda a xente que as habitara: parellas que morreran, a parte que tocara dunha herdanza, fillos rendidos ante a modernidade ou amigos presentes a través dos *souvenirs* daquela viaxe que levara tantas horas de coche. Os fogares dos vellos que sobreviven a todo, compoñen un estraño mosaico, unha cápsula nas que diferentes tempos conviven en harmonía. No piso do señor Andrés todo era distinto. Dende a entrada ata a habitación, pasando polo salón ou a cociña, aquilo semellaba ser o estereotipo dunha antiga pensión decadente. As desvergonzadas fiestras cuspiran as cortinas. As paredes espidas, sen cadros. Os mobles escasos e lascivos, abríndose e ofrecendo o seu contrachapado. Sen imaxes. En toda a casa non atopabas unha soa fotografía que secuestrase recordos.

-Queres cheirarme o sobaco, faisán?

-Vou tender a roupa, a ver se seca antes de marchar.

Na seguinte visita, o cesto incubaba os calzóns correspondentes aos días que Darío non pasara polo piso e o señor Andrés agardou unha hora antes de chamarlle *faisán*. Todo aconteceu segundo as regras dunha aburrida normalidade. Repetiron comportamento ao longo de varias semanas, como unha parella que convive, confiada, na rutina. Cren que niso consiste a felicidade e que vai ser eterna. Boom!

Aquel luns non tiña ningún indicio que fixera supoñer algo especial. Agarda. Non. Non era luns, foi un venres. Un venres calquera que Darío desexaba atravesar rapidamente para chegar a única fin de semana que tiña libre no mes. Definitivamente, era un venres raro, excesivamente soleado para ser inverno. Moveu o sofá cara o balcón, abriu as contras e deixou que a luz lacara ao vello. Ao seu carón puxo unha cunca de té vermello e o final dun paquete de galletas María.

-Agarde a que arrefría a infusión. Non sexa impaciente!

-Cando nos fixemos ingleses?

-Acabouse o leite. Pero non se preocupe, milord, pola tarde chega o pedido do banco de alimentos. Precisa algo máis ou podo seguir limpando?

O señor Andrés non respondeu, arrastrou unha galleta ata liberala do tubo de plástico, partiuna e comeu unha metade mirando para o escaso infinito dos bloques de enfronte. As migas debuxaron constelacións enriba do peito.

Mentres fregaba con lixivia o interior da latrina, Darío pensou que aquilo xa non era traballo. O piso deixara de cheirar aos excrementos duns gatos que nunca viviran nel e agora só era cuestión de mantemento.

-Preciso usar o váter.

-Acabo co retrete e xa queda o baño listo.

-Apura! A culpa é da merda do té que me deches.

-Un segundiño, señor Andrés.

-Vas facer que mexe por min, puta fregona!

O rapaz ergueuse do chan e saíu do aseo. Mentres baleiraba a vexiga, o señor Andrés escoitou o golpe que produciu a porta da entrada cando a pecharon con forza.

O vello fodeulle a fin de semana. Burbullaba coraxe. Tiña unha primeira cita cun home que lle gustaba moito, dende había tempo, e foi un desastre. Cando o luns entrou no piso atopou todas as contras botadas. Escuridade e silencio. Pensou que, só por amolalo e deixarlle cargo de conciencia, o vello fora quen de morrer neses días. Atopou ao señor Andrés metido na cama. Prendeu a luz e os ollos dun can maltratado miraron para el.

-Perdón.

Darío sorriu e amosoulle unha bolsa de papel con doces.

-Traio os bolos da paz. Como me volva chamar fregona métolle a vasoira do váter na gorxa ata que afogue. Entendido?

-Entendido. Vas comer os bolos comigo?

-Claro, un para cada un e outro para compartir, por se quedamos con fame.

O silencio e, de novo, a mirada do animal doente.

-Por favor, nunca me lembres que son case un indixente. Non preciso que me fales do banco de alimentos, da pensión non contributiva ou dos servizos sociais. Para o que me queda, teño dereito de ignorar a miseria.

Antes de almorzar con Darío, o señor Andrés pasou polo baño. Humedeceu os delicados cabelos brancos e peiteouse coa raia ao lado. Tamén puxo colonia, aínda que pola intensidade ben podería ser un *aftershave* caducado. Cando entrou no salón, Darío xa colocara, enriba dunha mesiña, un par de cuncas de té e os bolos nun prato. Un pano limpo facía ás veces de mantel.

- Hai leite na cociña.
- Volvemos ser inglesas, algún problema?
- Ás súas ordes.
- Botou colonia?
- Botei.
- De vello, gaitero*, dicía miña avoa.
- Agora só ves pebellos, pero de novo fun un tipo moi guapo.
- Guapo non, como moito feitiño.
- Non me cres, faisán?
- Que probas teño? Os delirios dun vello chocho non demostran nada.

Sen rematar de mastigar o bolo, o señor Andrés levantouse e foi cara ao aparador. Enriba dunha chea de pratos, fillos de mil vaixelas, atopou o que buscaba: unha caixa de cartón sen identidade que tempo atrás albergara un pixama de verán. Tragando con dificultade, pousou o presente enriba das pernas do rapaz.

- Ábreo.
- Beba antes, por Deus. Hoxe non me vén nada ben que morra.
- Os nervios, faisán.

Para corresponder á solemnidade empregada polo señor Andrés, Darío abriu a caixa con lentitude e delicadeza, como quen ten a sorte de gozar dunha obra de arte agochada durante anos. Foi o que eu pensei cando puideren ver de preto aquela marabilla: fotografías que narraban unha vida apaixonante.

- Ves o guapo que era?
- É vostede? O mozo que está coa loura é vostede? Vaia tío! Guapísimo!
- Xa ves. Julie Christie máis eu.
- Quen?
- Non coñeces a Julie Christie? Mi madriña!
- Foi a súa moza?
- Gocei máis dos bigotes que das louras.
- Non me fudas!
- Por que te sorprendes? Antes ca ti, moitos xa exercemos de maricóns.

III

Pulsei o botón de gravar e mirei para o señor Andrés agardando que comezase co conto. Non tiña moi claro que fose quen de xuntar todas as pezas e darlle sentido a aquela morea de fotos. Ollou para min. Disimulaba os nervios e a ilusión.

- Cando queira.
- Vas gravar só a voz ou tamén con vídeo?
- Só a voz, non preciso máis nada.
- Ah! Como agora usades para todo os móbiles, preguntaba. Se prefires gravar un vídeo, aféitome e mudo a roupa nun intre. Non me gustaría saír feito un bandallo. A maioría da xente da que vou falar, coñeceume como *El Bello*.

O que non se nomea non existe e o alcume devolveulle ao señor Andrés a dignidade que a obsolescencia social lle arrebatara.

- Onde naceu?
- Nacín en Ourense, na rúa Lepanto. Sabes? Moito antes ca min, nesa mesma rúa tamén nacera

Blanco Amor. Vese que a auga da traída levaba vitaminas. Nunca o coñecín, só escoitei a algunha laverca falar de Eduardito con moita sorna.

Fomos cinco irmáns. Só quedo eu, o pequeno. Meu pai era mariño e pasou a vida nos barcos. Miña nai, farta de aturar dos cativos, unha mañá cubriuno todo con sabas. Escribiulle unha carta ao contramestre, pechou a porta e marchamos a vivir para Os Gozos, á casa dos avós. Nunca pasamos fame nin houbo necesidade de deixar os estudos para poñerse a traballar. Eramos unha familia privilexiada que ignoraba, con certa arrogancia, as penurias da ditadura. Ata tiñamos un cabalo de paseo! E xornaleiros para traballar o campo.

A semente da pataca coincidía coa escola, pero na recollida enredabamos no medio dos homes como se fixeramos algo importante. A colleita dese verán parecía interminable e a calor abafante non facilitaba a tarefa. Canso daquelo, o avó mandou vir reforzos para rematar dunha vez coa lea. Era 1964 e había uns días que cumprira quince anos. Nese grupo chegou el. Era moreno, case dourado, e algo maior ca min. Sachaba co peito espido e imaxinaba que ao tocalo, os pelos daquel corpo terían a textura do veludo.

-Aí soubo que era homosexual?

-Que ía saber!

-O primeiro amor?

-Só eran hormonas facendo o seu traballo. Miroume. Tremín de tal xeito que pensei morrer alí mesmo. El sorriu, xa tiña asegurada a presa. Remataron o traballo pouco despois de caer o sol. Aliviado, o avó sacou algo de chourizo, pan, queixo e viño da casa. Antes de comer, quen quixo refrescou coa auga do pozo. Despois de lavar a cara, coas gotas esvarando polo queixo, aquel rapaz dourado volveu mirar para min. Fixo un aceno suave, sinalando o monte, e camiñou cara alí coa seguridade que dá saber que es invisible. Morto de medo, seguino. No traxecto, podería ter vomitado o corazón. A lúa andaba feble e seguín un asubío para ir ata el. O primeiro bico tardou meses en chegar, aquela noite só eramos cans.

Para min pasaran dez minutos, pero foi bastante máis tempo o que estivemos entre as xestas. De súpeto, escoitamos preto de nós a voz de varios homes chamando por min. Púxome a man na cara con violencia, tratando de tapar a boca. Custábame respirar. Os homes andaban cada vez máis preto. De súpeto, deume unha labazada e púxose en pé, amosándose ante calquera que o quixera ver. O beizo inferior comezou a sangrar ao mesmo tempo que el berraba *maricón*.

-Merda! Que fixestes?

-Apañar a roupa e correr monte arriba. Se quedaba alí, nada bo agardaba por min. Non sei o tempo que estiven fuxindo nin como acabei diante da igrexa. Deus existe e deixou entornada a fiestra da sancristía. Entrei na capela para refuxiarme e saín despois de baleirar os petos dos santos. O pai Amaro nunca dixo nada. Era un bo crego, dos que salvan vidas de verdade.

Camiñei toda a noite e montei nun tren que me levou ata Madrid. Ao chegar á Estación do Norte nin a Garda Civil buscaba por min.

IV

Sorrindo, Darío disimulou o azoute que sentiu nas costas. Ata entón non fora consciente de que el tamén ía ser vello e marica. E tiña todos os boletos para superar ao señor Andrés en soidade. Só había que facer reconto das parellas existentes, para descender ao sumidoiro do amor.

-Quedaches calado. Xa te aburriches?

-Para nada. Onde sacou a foto?

-En Madrid, na rodaxe de *Doutor Zhivago*.

Andrés chegou á capital cos cartos xustos para pasar un par de noites nunha pensión da Costa de San Vicente. Ferrandis estaba a botar un cigarro na porta. Chantoulle a mirada e espiuno entre o fume. Andrés chiscoulle un ollo. Cazouno. Ferrandis era un tipo listo, un buscavidas con pretensións de actor. Foi el quen o levou ata os estudos da CEA para que se anotase como extra

nunha película que se estaba a rodar. Así, dun día para outro, Andrés converteuse nun soldado ruso que camiñaba polo Moscú construído no barrio de Canillas.

Alí coñeceu a Leo. Leonard Palmer era un dos xefes do departamento de peiteado e maquillaxe. Tiña vinte e cinco anos e comprobaba que non sucedera ningún disparate anacrónico entre os figurantes.

Un bigote falso foi o detonante de todo. Alguén llo puxera a Andrés para subirlle a idade, xa que, na seguinte secuencia precisaban homes adultos. Leo berrou e despois botou unha gargallada explicando, coas limitacións do idioma, que Cantinflas non podía aparecer en *Doutor Zhivago*. Esa noite Andrés pasou máis dunha hora mergullado na bañeira do hotel, comeu cereixas e descubriu o que eran os bicos con amor. Doullos Leo.

De inmediato, Leo quixo darlle máis e Andrés regresou onde Ferrandis. Madrid era moi grande para pechase nun hotel. Cada aventura co seu compañeiro de pensión, resultaba mellor ca anterior.

Incrible! Pero o fabuloso tende a esmorecer e unha madrugada, falando con Ferrandis, La Miguela e un par máis da mesma corda, apareceu a policía. Documentación. O exceso de brillantina confirmou que eran maricóns. Por obra e grazza da Lei de Vagos e Maleantes, os cinco remataron no caldeiro. Andrés foi o último que liberaron.

NOTA: Estivo un mes preso e négase a falar do que pasou no cárcere.

Cando saíu, a rodaxe da película xa rematara. Soubo por Ferrandis que o equipo celebraba unha festa de despedida no Pasapoga. Agochado nos currunchos, subiu e baixou, unha chea de veces, a Avenida de José Antonio. Por fin atopou a Leo. Andrés botouse a chorar. O americano nunca preguntou nada. Uns días máis tarde aterraron xuntos nos Estados Unidos.

V

Os luns múdase a cama eponse a lavadora. Os venres dásele duro á cociña e ao salón. Varrer e limpar o aseo faise ambos os dous días. Ao chegar, o señor Andrés xa pasou pola ducha e, se non chove, o dormitorio ten a fiestra aberta para que ventile. O que semellaba imposible, estaba acadado. Darío fora quen de establecer normas e rutinas naquela vida salvaxe. Ás veces, para amolar, mentres preparaba o almorzo, poñía unha pota con auga no lume.

-Arre carallo! Xa estamos outra vez co té? Que non me doe a barriga!

O vello interpretaba ira cunha dramatización excesiva. Darío loitaba por manter o xesto anoxado. Cinco, catro, tres, dous e un. Estoupaban en gargalladas, coa efectividade que teñen sempre as chanzas simples nas parellas.

-De onde saíron esas galletas?

-Da caixa.

-Deixeille catro e agora hai un paquete enteiro. Non disimule, que nos coñecemos. Para a semana ten que facer unha analítica e o azucre vai andar polas nubes.

-Faisán, para o novo que es, pasas o día rosmando. Así non vas atopar quen case contigo.

Darío seguiu ao seu. Casar nunca existiu como futuro. Para el as relacións foran xincanas onde o único que importaba era sobrevivir ao desencanto. Sempre, máis cedo que tarde, os fungos agromaban e enchían de balor a laranxa.

-Anda, deixa de matinar. Pousa a vasoira e come unha galleta comigo. E se sorrís, cóntoche as aventuras dun rapaz de Ourense en Hollywood.

Leo. Leonard Palmer. No oficio, simplemente Leonard, como se o nome desintegrara ao resto da xente que se chamaba igual e non podía acadar a excelencia. Rexentaba un salón en Beverly Hills e a sona do seu traballo chamara a atención dos estudos veciños. Andrés foi presentado en sociedade

como o secretario do estilista e recibía ás señoras cunha solemnidade que as marabillaba. Entre a tenrura que produce un idioma mal falado e aquela bonitura innata que ía a máis, tiña ás clientas rendidas aos seus encantos. Case sesenta anos despois, cando retira a codia protectora ante un mundo que o despreza, o vello resulta magnético. Ao presentarmo, non era quen de manter a mirada e pareceume moito máis alto do que en realidade é.

-Rematou a lavadora e debería tender a roupa.

-Agarda un chisco que vai pedir cita Cher.

-Cher, a cantante? Estás de puta broma!

-Cando facía o programa da tele co home, era Leo o que a peiteaba. Sempre calada e impecable. Vivía con Bono nunha mansión espectacular pretoño do salón. Pola túa culpa, estou a saltar unha chea de tempo! Antes que Cher, o que entrou pola porta foi William Friedkin.

-William Friedkin, coñecido na súa casa á hora de comer.

-Sóache *O exorcista*? Pois foi o director, pailán.

Dende *Doutor Zhivago*, Leo optara por non embarcarse en superproduccións nin en calquera rodaxe que supuxera saír de Los Ángeles. Andrés quixo crer, como lle dixo, que fora un decisión tomada por amor, para protexelo e axudalo ante calquera atranco. Nas fotos, Leonard Palmer parece bo tío, aínda que nunca mire a cámara. Na maioría dos retratos, ten as mans metidas nos petos do pantalón. Reflicte medo. Supoño que se trata de ese temor irracional a perder algo que cres que non deberías posuír. Niso, Leo e Darío son idénticos.

-Os nosos amigos xa aproveitaran algunha visita a New York para ver *Os rapaces da banda*, a obra de teatro da que todos falaban. Leo máis eu pensabamos ir ese Nadal, para non ser menos que o resto. E, de súpeto, aparece William Friedkin polo salón e dille a Leo que vai facer unha película da peza e que quere contar con el no equipo. Ti sabes o que supuxo iso? Foi a primeira vez que o cine comercial falou de nós! Ata ese momento, eramos unha vergonza e agora proxectábanos na gran pantalla.

VI

Darío advertíume que non levara doces, así que optei por un ramo sinxelo. O señor Andrés colleu as flores forzando o agradecemento e deixou o agasallo sobre unha banquetta que ocupaba, sen sentido, un lugar do corredor. Foi tal o éxito que nin sequera buscou auga para evitar que esmoreceran. Pensei nesa manía que teño de mercar afecto con obxectos ou que, ás veces, os presentes non son máis que un vehículo para poñer a pirola enriba da mesa e demostrar quen manda. Non importa a intención, o único relevante é a dor que pode causar o agasallo.

-Podo comer galletas mentres falamos?

-Non debería.

-E ti non deberías traerlle flores a un home vello. Que son, Miss Crepúsculo?

Intentei adiviñar se o conflito floral producírase por macho ou por caduco. Sempre medín á xente polas miñas normas, que resultan perfectas para afrontar a vida. Posiblemente, no futuro podería irme mellor se tratase de adiviñar e respectar as pautas do outro. Que me narras? Arrepío a piques de catalogar persoas como seres de luz.

-Na caixa das fotos hai unhas, na praia, con alguén que se parece a Elizabeth Taylor.

-Xa estás a gravar? Falo? Si, somos Liz máis eu en Puerto Vallarta.

-Cando?

-A ver... Friedkin volveu contar con Leo para unha nova película sobre homosexuais. Cando leu o guión, dixo que se negaba a participar naquela porcallada. Chameille de todo. Carca! Un marica

retrógrado a finais dos 70 era a vergonza da comunidade. Naquela discusión quebramos. Dende aí, falabamos pouco e só alternabamos na grellada dos domingos. Supoño que para ilusionarme, ou nun acto desesperado por salvarnos, aceptou un filme en Inglaterra. Fixemos as maletas e marchamos, sen máis. *O espello roto* era a terceira gran adaptación ao cine de Agatha Christie e, por diferentes motivos, resultou esencial nos nosos futuros. Volvemos coincidir con Geraldine, que xa falaba un perfecto castelán. Tony levaba unha estraña tintura naquel pelo cativo e Kim amosaba ínfulas da estrela que case foi. Ángela apenas se relacionaba, sempre foi unha estirada, e Hudson contaba un chistes moi divertidos nos descansos. Leo máis el coñecíanse dende había anos. Sempre sospeitei que nalgún momento tiveran algo. Todos participaban na película por unha simple cuestión alimenticia e o ambiente estaba máis preto do dun campamento de adolescentes que dunha rodaxe. E Liz á cabeza! Líder e patroa en eterna loita coa báscula e os vicios.

-Como vos fixestes amigos?

-Liz casara cun político, un home de profesión seria. Como boa esposa, case non traballaba e aburríase moito. Eu negábame a admitir que deixara de querer a Leo. Para superar os nosos traumas, comiamos *scones* ás agochadas das de vestiario. Con manteiga e marmelada, non andabamos con mexericadas. A mesma noite que remataron as secuencias de Liz, montamos nun avión e marchamos para Puerto Vallarta. Ela descubrira aquel paraíso cando foi vixiar a Burton na rodaxe daquela película tan bonita que fixo con Ava Gardner.

O cónsul norteamericano, cando soubo da chegada de Elizabeth Taylor e un amigo, puxo a cidade á nosa disposición. Eternamente agradecidos, aínda que nós só queriamos anestesiarnos con tequila e chardonnay.

-Paramos cinco minutos para descansar?

-Agora? Ti verás. Agora vén o mellor. Levabamos un mes de troula, durmindo cando nos petaba e sen renunciar a nada. Liz xa só vestía unhas túnicas marabillosas e eu estaba a monte. E apareceu aquel rapaz, a perdición. Díciame *El Bello* porque dáballe igual como me chamara. Dubido que el tivera nome propio. Era o que alí se coñece como un *chacal*, un home viril con trazos indíxenas destinado a someterte. Quen decidiu que aquelas características eran o prototipo dunha fantasía erótica? escoita unha cousa: se ten pinta de darche mala vida, vas levar mala vida.

When you get aroused playing Scrabble, that's love, baby, sentenciou Liz, apurando o cu dunha botella. Rimos, cunha terrible superioridade moral, e algún dos dous dubidou a viva voz que o rapaz soubera xuntar letras para formar diferentes palabras. O humor esmoreceu cando o meu amante deixoume exhausto na cama e visitou a suite da miña cómplice para apañar algunha das súas xoias.

VII

Os do reparto da comida tiveran un contratempo e as friameiras da neveira acabáranse. Con patacas e unhas latas, Darío improvisou unha ensalada. O señor Andrés pediulle que puxera o pemento por riba, atravesado e cortado en tiras finas. Dese xeito era como a presentaba na mesa a súa nai. Nunca a volvera ver.

-Que foi de Leo?

-Leo morreu hai moito.

-Que tristura.

-Tivo peor sorte ca min, meu pobre.

Darío sentíase tan abandonado como o vello, así que quedou a comer con el. Xa rematara a quenda e co seu tempo libre facía o que lle petaba. Baixou a por pan e mercou unhas filloas ategadas de tona doce. Como bo moicante, o señor Andrés botou en falta o viño. No xantar faláron do mundo que lles agardaba ao espertar de Puerto Vallarta: Elizabeth Taylor pasou un ano debullando a margarida do divorcio. Si! Andrés o novo, *El bello*, atopou facilmente traballo nas numerosas películas que se gravaban para os encher os videoclubes. Dedicouse a facer o que aprendera á beira de Leo. Xurdiron dúbidas infinitas por falta de técnica, pero nunca o chamou.

-Leo chamou un día. Estaba enfermo e quería despedirse. Podes preguntalo, faisán. Si, tiña sida. Non tardei nin vinte e catro horas en chegar para coidalo. Aquel verán de 1985 foi un pesadelo. Todo o mundo falaba de Rock Hudson e non podías escapar da túa traxedia nin prendendo a tele. Cando morreu Hudson, Leo deixouse ir. Non tiveron a oportunidade de arroupalo nos derradeiros instantes. Marchou mentres estaba recollendo uns medicamentos na farmacia.

As irmás de Leo tomaron o control. Organizaron o funeral e, como ía ser un acto íntimo e familiar, pedíronlle a aquel home, tan apostado como molesto, que bulise. Acompañárono ata a porta para verificar que non collía nada que non lle pertencera. Andrés entrara cunha maleta grande e saía co macuto destinado ás toallas da praia.

VIII

Sorprendeume recibir unha mensaxe de Darío. A min gustárame, pero a cita que tiveramos fora un desastre. Comportouse como un neno antolladizo e irascible, cun embigo das dimensións dun cráter lunar. Nunca imaxinei que o feito de que un vello te chame fregona puidera xerar tantos matices e variacións sutís dun mesmo discurso. Paguei a cea para escapar o antes posible e el non amosou ningunha intención de continuar a noite. O traballo acumulábase e eu regaláballe o meu tempo libre a un fado de cretinos. Ata aquí! Xureime que Darío sería o que marcara a fin.

E a iso agarreime cando reapareceu. Se volvía quedar con el, non traizoaba o meu ideario. Realmente, todas estas excusas eran promovidas por unha necesidade imperante de sexo. Púxeme ben guapo e sen escrúpulos. Estaba disposto a aturar a alguén que aborrecía con tal de levalo á cama.

O segundo Darío foi encantador, educado, divertido e atento. Contoume a historia do señor Andrés cos ollos enchidos de tenrura. Falamos da soidade. Planeara denudalo mentres lle comía a boca e rematamos espindo os nosos medos como nunca debes facer cun descoñecido. Posuíume un halo de romanticismo e pensei que o mellor sería acompañalo ata a casa e deixar a fochicada para a terceira cita. Duroume pouco. Tivemos sexo.

De primeiras, o señor Andrés dixo que non. El non daba entrevistas, nin que fora unha folclórica. Hai recordos que nunca deixan de doer, e sufrir sen necesidade éche de parvos. Darío faloulle de min, que traballaba nun xornal serio, de moita sona. Trapalladas! Agardo que lle dixera que tamén son bastante riquiño. O vello aceptou un día de proba, pero ía contestar ao que lle saíse do carallo. Non tiñamos tanto interese? Pois as regras eran súas. Botou colonia para recibirme.

Cando lle contei o que estaba a facer, o meu xefe dixo que podería ir na web.

Cando lle ensinei o borrador e as fotos, mudou de idea. A reportaxe publicouse a dobre páxina na edición do domingo.

Neste tempo, o señor Andrés xa pasou por diferentes teles e radios. Ata participou no podcast dos maricas que marcan a tendencia da homosexualidade actual! Vese que o vello, si que tiña algo de vedete.

NOTA: Valorar se contar ou non as conversas con Netflix.

Comparando as miñas gravacións con outras declaracións, ás veces atopo incongruencias no discurso pero, quen son eu para xulgalo?

Se a súa apertada vida social llo permite, saímos comer fóra para poñernos ao día e para que lle chame *faisán* a Darío diante miña. Pracer máximo!

A cita dos xoves é inamovible. Mercamos bolos de leite e, á tardiña, tomamos té como tres señoras inglesas.

FIN